

# ILLAEDUCA, S.C.G.



**"Buscamos o desenvolvemento da persoa como individuo e como parte do grupo"**

*Rosa Ana Rial Diz*

## Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Servizos socioeducativos
<b>Sector de actividade</b>	Servizos de atención educativa ó neno
<b>Nº empregados</b>	3
<b>Inversión inicial</b>	0 €
<b>Financiamento inicial:</b>	O investimento inicial (que foi superior á cantidade destinada a capital social) foi financiado a través de fondos propios e dun crédito subvencionado pola Consellería de Familia, Muller e Xuventude.
<b>Web:</b>	
<b>Municipio:</b>	Illa de Arousa, Pontevedra
<b>Ano creación:</b>	2001

## Descrición do proxecto

Illaeduca S. Coop Galega é unha empresa de economía social cualificada como ILE (iniciativa local de emprego), composta por tres profesionais: pedagoga, psicóloga e psicopedagoga. Isto defínenos como unha empresa innovadora de carácter socioeducativo apoiada tanto pola administración local como autonómica para a xeración de empregos estábeis, desenvolvendo o noso traballo no ámbito local.

A nosa empresa, con IAE 952, "asistencia e servizos sociais para nenos, mozos, diminuídos físicos e anciáns en centros non residenciais", ten como obxectivo principal a atención cidadán, ocupándose de todos os sectores da poboación e poñendo especial interese nos máis marxinais e desfavorecidos.

Os servizos que prestamos son de carácter socioeducativo atendendo a distintos niveis de actuación:

PREVENCIÓN, DIAGNÓSTICO e TRATAMENTO. O servizo satisfai as necesidades expresadas que se canalizan a través do Concello por distintos colectivos: A.P.A.S, Mulleres, Terceira idade, etc. Satisfai ademais as necesidades comarcais na prestación de servizos socioeducativos ben sexa con carácter persoal ou de grupo.

A produción céntrase na prestación de servizos nos seguintes ámbitos de actuación.

A) ASESORAMENTO PEDAGÓXICO E PSICOPEDAGÓGICO AOS CENTROS EDUCATIVOS. Estes servizos están orientados a tres colectivos:

- Alumnado.
- Pais.
- Profesores.



## Descrición do proxecto

### B) INTERVENCIÓN SOCIAL.

En colaboración cos Servizos Sociais de Base do Concello da Illa de Arousa realízanse distintas funcións de asesoramento e intervención social, dirixidas a distintos colectivos:

- Colectivos de Risco-Mulleres (información sobre iniciativas de emprego, apoio psicolóxico dirixido a situacións de malos tratos, situacións problemáticas familiares, profesionais ou sociais servindo de ponte entre a problemática tratada e as solucións posibles (direccionarlas ás entidades de referencia, teléfonos de interese, persoas de contacto..).

- Servizos xerais (tratamento individualizado de casos concretos a través da realización de diagnósticos e o tratamento específico para cada caso ou a derivación a outros profesionais, traballo educativo con familias con dificultades económicas, sociais ou de calquera outra índole).

C) LECER E TEMPO LIBRE (ofrécese alternativas para participar no goce deste tempo dunha forma organizada e planificada a través dunha serie de actividades - campamentos, obras teatrais, manualidades, etc.- )

### D) OUTROS PROGRAMAS

Programas socioeducativos e socioculturais, tendo en conta todas as necesidades da poboación en xeral.

Podemos destacar os seguintes:

Prevenición de drogas na escola.

Prevenición de ludopatías.

Programa: "Ser mai e pai", dirixido ao coñecemento dos problemas que poden xurdir pre-post parto, así como prever posibles dificultades durante os primeiros anos de vida.

Programa "Atopar traballo", dirixido a colectivos de parados de longa duración, e colectivos desfavorecidos.

Programa "Previr o SIDA".

Programa "¿Somos iguais ou diferentes?", dirixido a mozos para evitar situacións de discriminación sexual e fomentar a igualdade entre os xéneros.

Orientación profesional, vocacional e laboral.

## Datos empresa

### Claves do éxito

- Capacidade de iniciativa e resposta ante os cambios .
- Calidade e mellora no produto.
- Continuidade espacio-temporal
- Resolución positiva de conflitos.

### Situación actual

Na actualidade Illaeduc S. Coop.Galega está composta por tres socias traballadoras e estamos a ampliar a nosa expansión territorial a nivel comarcal.

### Perfil cliente

Os nosos clientes son todos aqueles que desexen acceder a calquera tipo de servizo socioeducativo da ampla gama que ofrecemos, ben sexa de carácter persoal ou a través das institucións (colectivos como APAS, Mulleres Rurais, garderías, colexios,...).

O perfil de cliente é tremendamente amplo debido á enorme variedade de servizos prestados.





## Idea inicial

Esta idea xermina a partir das nosas inxuedanzas profesionais e persoais que nos levaron a obxectivar a necesidade existente na nosa zona dun servizo integral, onde se atendan as demandas de carácter social e educativo que se dirixen á procura do desenvolvemento da persoa como individuo e como parte do grupo.

## Principales dificultades y amenazas futuras

Nun principio, tivemos que enfrontarnos aos seguintes problemas:

- Aspectos económicos ante o inicio da actividade empresarial.
- Pouca resistencia á frustración.
- Falta de coñecementos de contabilidade.
- Escasos coñecementos xurídicos.

## Perfil promotores

A empresa de economía social ILLAEDUCA - Sociedade Cooperativa Galega conta con tres socias e funciona a través dun equipo multidisciplinar composto por tres perfís complementarios: Lic. en Pedagogía, Lic. en Psicopedagogía e Lic. en Psicología. Ademais contamos con formación en educación social, formación en educación primaria especializada e un máster en formación ocupacional.

En canto a experiencia profesional, traballamos nos seguintes campos:

- formación continua,
- estudos sectoriais de investigación,
- organización de actividades de tempo libre,
- elaboración de materiais didácticos,
- formación non regulada.

## Perfil promotores

Expoñemos a continuación os perfís especificados:

### A) Psicopedagoga

Atende ás distintas necesidades educativas que presentan os diversos colectivos de traballo. A figura dun Psicopedagogo que ademais posúe a Diplomatura de Educación Social coas tres especialidades existentes (intervención social, educación de adultos e desenvolvemento comunitario) fai que se complemente o perfil e dita atención se vexa moito máis profesionalizada.

Aporta ademais experiencia realizada tanto a través dos períodos de prácticas como as experiencias laborais que permitiron coñecer os distintos colectivos (infancia, mocidade, minusválidos) e servizos existentes na práctica, desde o lecer ata a intervención pasando polo tratamento e a prevención.

### B) Pedagoga

Conta coas dúas especialidades: (educativa e social-laboral) e é ademais Mestra especialista en educación Primaria. É un dos pilares fundamentais dentro do equipo multidisciplinar desde o que se pretende traballar, e permite profundar no diagnóstico e intervención de distintas problemáticas socioeducativas.

Aporta experiencia en formación continua e ocupacional e na elaboración de materiais didácticos escritos e multimedia-interactivos que supoñen unha fonte importante de recursos para o traballo diario da empresa.

### C) Psicóloga

Aporta a atención ante os problemas comportamentais, diagnóstico e tratamento.

## Guía de Actividad

**Servicios de atención educativa ó neno** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

## Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta**  
**O reto que supón**

**Gañar cartos**  
**Ser o meu propio xefe**

**A independencia que proporciona**  
**Demostrar aos demais as miñas capacidades**  
**Saír do desemprego**

## Formación

**¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?**

Non.

**¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

Si.



## **Anecdotalario**

Non dispoñible

